

QUERIDAS FAMILIAS:

O martes 1 de xuño convidámosvos a compartir con nós esta andaina no Rosal:

Grupo de Infantil-1ºEP-2ºEP

- 09:15h Saída en autobús cara O Rosal.
- 10:00h Chegada á “Casa do Río”.
- 10:30h loga para familias e alumnado (45’)
- 11:15h Merenda.
- 11:45h Andaina en dirección ao parque das Aceñas.
- 12:30h Visita ao muíño das Aceñas. Opcional.
- 13:00h Volta no autobús á “Casa do Río” e despois ao colexio.

Grupo de 3ºEP-4ºEP-5ºEP-6ºEP

- 09:15h Saída en autobús cara O Rosal.
- 10:15h Chegada á desembocadura do Tamuxe e andaina ata as Aceñas.
- 11:00 Visita ao muíño das Aceñas.
- 11:30 Merenda e andaina ata a “Casa do Río”.
- 12:15 loga para familias e alumnado (45’)
- 13:15 Subida a autobús e volta para o colexio

Ante a actual situación COVID o Consello Escolar acordou as seguintes medidas de seguridade sanitaria para as viaxes en autobús:

MEDIDAS SANITARIAS NO AUTOBÚS

- *Será obrigatorio levar a máscara posta en todo momento.*
- *Pediráselle á empresa de transporte o autobús máis longo do que dispoñan (55 prazas)e as ventás estarán sempre abertas para facilitar a ventilación.*
- *Farase unha planificación previa da ocupación dos asentos co fin de que cada crianza vaia sentada no mesmo sitio nos dous traxectos e a distancia interpersoal sexa a máxima posible.*
- *Co obxectivo de manter separados os dous grupos de convivencia dividirase o autobús en dúas zonas:*
 - *Grupo A (Infantil - 1ºEP - 2ºEP): Subirá primeiro e pola porta dianteira. Ocupará os asentos próximos á persoa condutora.*
 - *Grupo B (3ºEP - 4ºEP - 5ºEP - 6ºEP): Subirá pola porta traseira e ocupará os asentos do fondo.*

Un saúdo

A dirección

AUTORIZACIÓN

Dna./D.

como persoa responsable de

alumno/a da aula de, autorizo a súa participación na andaina organizada polo colexio o martes luns 1 de xuño pola beira do Tamuxe no Rosal.

Refoxos a de de 2021

Sinatura